


## ESCALETA "AXUDANNO A WALL-E"

- Bo día dende radio Mende. Hoxe imos mirar no noso interior, amosar o que levamos nel e ensinar aquilo que non se ve pero que convive a diario con todos nós, porque incluír e diversificar o que vemos é moi doado. (Inés).
- Con todos vós a comunidade educativa de Mende porá todo da súa parte para traballar en equipo e que Wall-E teña a súa oportunidade. (Ainhara de quinto)
- Atención, atención! O noso amigo Wall-E ten problemas, sabedes que lle pasou?(Noa e Cloe de primeiro)
- Dóelle a cabeza, ten dor de barriga, ten un virus, quebrou un oso,(Elisa de primeiro) torceu un pe cando caeu polas escaleiras, conxuntivite, febre, dolor de moas...(Julia de terceiro)
- Non, non! O peor é que se esqueceu de si mesmo, de coidarse, só se dedicou a axudar ós demais.(Nadir)
- É hora de velo e non só de miralo.(Ainhara quinto)
- Vamos Wall-E! Chegou o teu momento! Que é o que precisas?(Noa e Cloe de primeiro)
- Se de verdade queredes axudarme, teremos que traballar o noso interior.(Nadir)
- Pois empecemos! (varios alumnos). (Comeza a música da banda da Loba).
- O primeiro que lle imos dicir é que pode contarnos o que lle pasa e pode confiar en nós. (Leo)
- Como realmente podemos axudalo é acompañándoo, escoitándoo, dándolle cariño, amor, abrazos e estar ó seu lado para axudalo no que necesite. (Leire)
- Teremos que conectar os seus fíos, brincar con el, xogar, facelo feliz, levalo de paseo, de compras, ao parque, comer comida saudable, pintar, ler e tamén preguntarlle que quere facer el. E algo moi importante que queremos é pasar tempo con el.(Julia+Elisa)

- Faremos que se sinta ben con nos, coma min que son bo, guapo, bromista, xoguetón, listo, simpático...(Hugo)
- Pero... isto que estamos facendo serviralle de axuda a Wall-E? Esperamos que si pero se non mellora, é importante que vaia a un psicólogo ou psicóloga. (Julia).
- E que é iso? (Elisa)
- Pois unha persoa á que lle contas como te sintes e as cousas que che preocupan e axúdache a que esteas mellor. (Julia).
- Paréceme moi ben, pero estoume facendo unha pregunta... (Pablo).
- Podemos marcarlle un obxectivo de cara o ano que ven? (Noa e Cloe de primeiro)
- Arancha sexto de primaria



- Ademais de todo iso, na nosa comunidade hai unha morea de emocións, pensamentos, miradas de sorrisos que ocultan vivencias, síndromes, trastornos, enfermidades de edición limitada, bosquejos do noso futuro que queren ensinarlle ó mundo o que non se ve, a tristeza que viaxa con

nós, esa tormenta interior que nos ensina, pase o que pase, a permanecer baixo o mesmo paraugas.(Inés).

- Por que, sabedes que? A educación cambia ás persoas que mañá van cambiar o mundo e Wall-E fixo de cada un dos nosos días unha obra mestra(Ainhara quinto)
- Que viva Wall-E! (VARIOS).
- O que si que está claro é que as nosas nenas e nenos están cheos de xoias. Si, si, escoitastes ben. Esas xoias que se poden chamar de diferentes nomes como por exemplo: apertas, escoitar, empatía, acompañar, pasear e moitas máis. Esas palabras que hai que poñer en práctica porque non podemos esquecernos que o que lle pasou a Wall-E pode pasarlle a unha amiga ou amigo, a unha irmá ou irmán, ou a ti que estás escoitando isto. En definitiva, a calquera. Por iso é importante mirar e non só ver á persoa que temos diante, iso si, sen esquecernos de nós mesmos, coidarnos a nós e coidar tamén ás persoas que temos ó noso lado. (María).
- Despedímonos ata setembro. Como técnicos de son: Antón e Mateo de cuarto de primaria e como representantes de toda a comunidade: Noa, Cloe e Elisa de primeiro de primaria; Nadir de segundo; Leo, Leire, Pablo e Xulia de terceiro; Hugo e Ainara de quinto; e Arancha de sexto de primaria. (Hugo)
- Mendelianos e mendelianas, imos cargar as pilas cun verán cheo dos mellores propósitos. Dende o equipo de radio desexamos que teñades unhas .....(Inés)
- FELICES VACACIÓNS.(TODOS)